



PLAN DIGITAL

CEIP FOGAR 2021-2022

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

A dixitalización da sociedade é unha realidade. As persoas estamos interaccionando dende diferentes lugares do mundo. Empregamos as tecnoloxías dixitais para comunicarnos, procurar información, crear contidos, o tempo de lecer... o que supón unha serie de vantaxes e riscos, que requiren dunha alfabetización dixital.

A escola debe responder a esta necesidade, comezando pola súa propia dixitalización en tres aspectos:

- Administración do centro: que permitirá levar un maior control, evitar erros, automatizar e axilizar procesos, mellorando a eficacia e eficiencia administrativa.
- Aprendizaxe do alumnado: achegándose determinados contidos de unha forma máis interactiva, motivadora, permitindo a interacción e creación dos seus propios produtos, dende calquera lugar.
- Tarefas do profesorado: permitindo reducir a carga de traballo, minimizando o tempo empregado en moitas tarefas, centrando a atención na preparación das clases, e implementando metodoloxías de ensino máis innovadoras e eficaces.
- Créase unha comunidade entre os grupos do centro: profesorado, alumnado, familias.

Hoxe o coñecemento está nas mans de todos, mais a alfabetización é saber navegar polas diversas fontes. A educación ten que preparar ao alumnado para o mundo dixital.

1.1. Datos básicos do centro

CEIP FOGAR

Código de Centro: 15002578

Código de identificación Fiscal: Q-6555063-D

Dirección: Rúa Vila de ordes, s/n 15100, Carballo (A Coruña)

Teléfono: 981 700 294

Correo: ceip.fogar.carballo@edu.xunta.gal

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfogarcaballo/>

O centro é un dos máis grandes da comunidade. Conta con 34 unidades e 730 alumnos e alumnas. En Educación Infantil hai tres liñas e en Primaria hai 4 (5 en 4º curso). Estas dimensións supoñen a necesidade de ter todo moi organizado. Os espazos, a coordinación dos niveis, o uso dos materiais compartidos... requiren dunha minuciosa organización e preparación previa.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais:** O CEIP Fogar creado no 1970, é un dos colexios da vila de Carballo. O alumnado provén de entorno urbano e rural. No noso alumnado tamén hai diversidade de condicionantes económicas e culturais, que determinan ambientes, estimulacións, que inflúen en gran medida na súa evolución académica e social.
- **Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo.** Entre os obxectivos básicos do centro está “fomentar aprendizaxes innovadoras dentro do ámbito tecnolóxico, cooperando para educar alumnado competente dixitalmente”. Para os obxectivos específicos deste curso “potenciar a formación tecnolóxica e dixital do profesorado para garantir un ensino axeitado en calquera das súas modalidades”.

Nas nosas sinais de identidade facemos fincapé no esforzo individual e a motivación do alumnado; na participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro; e no fomento e promoción da investigación, experimentación e innovación educativa. A dixitalización do centro vai favorecer a tódolos sinais de identidade e especial e directamente aos mencionados.

O Plan Dixital ten en conta o Proxecto Educativo de Centro á hora de plantexar os obxectivos e liñas de actuación para o seguinte

curso. Vemos así a importancia da alfabetización dixital da nosa comunidade educativa, o que require da dixitalización do centro.

- **Relación con outros Plans e Proxectos do centro.** En todo o proceso de elaboración do Plan Dixital, tivemos en conta a idiosincrasia do noso centro e os diferentes plans e proxectos. Dende o Equipo de dinamización do Plan Dixital estudáronse as posibilidades de dixitalizar e potenciar a comunicación dixital das accións realizadas nos diferentes proxectos de centro, así como a participación dixital da comunidade educativa e favorecer a comunicación entre a escola e a familia, facéndoas máis partícipes, a través do coñecemento das nosas actividades.

Neste curso, o claustro decidiu a votación que non participaría no programa E-Dixgal, mais o nº de profesorado a favor é cada vez maior.

O Plan Dixital contribúe á Programación Xeral Anual do curso 2022-23 plantexando unhas actuacións realizables dende tódolos niveis, áreas, e equipos de dinamización. Tendo en conta que no presente curso se desenvolveu un Proxecto Integrado, ao que contribuíron todos os equipos de dinamización e de nivel para dar unidade ao curso escolar, plantexase un Plan de Acción que é factible na nosa realidade escolar.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que*

se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Durante o curso 2021-22 o Equipo de Dinamización do Plan Dixital e o Equipo TIC traballaron de forma conxunta para poñer en práctica tódolos pasos que foron necesarios para elaborar o Plan Dixital. No inicio do curso conformouse o Equipo de Dinamización do Plan Dixital, composto por tres persoas, que participaron na formación, e mais as persoas que colaboraron nos aspectos referentes ao Plan Dixital deste curso foi todo o Equipo TIC.

Coa axuda da nosa mentora ADIX, puidemos seguir tódolos pasos indicados ao seu debido tempo, xa que sempre estivo disposta a axudarnos e aclarar dúbidas cando era necesario. Neste senso o plan dixital desenvolveuse en tres fases:

- Unha primeira que consistía na análise da realidade do centro para o que empregamos a enquisa SELFIE o TEST CDD e a partir destas dúas ferramentas elaboramos o DAFO que nos reflexaba as nosas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.
- Unha segunda fase que se centrou no desenvolvemento do plan de acción. Onde se seleccionaron os obxectivos a traballar o próximo curso.
- E na terceira fase redactouse o plan dixital tendo en conta o traballo realizado previamente.

Todos os pasos foron comunicados ao claustro ao seu debido tempo (dentro dos tempos que nos permitían os prazos determinados), para que puidesen

comprender por que se solicitaba a información que se lles pedía, elaborando documentos e presentacións coas informacións o máis breves e concisas posible.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Ao tratarse dun centro tan grande e con tanto persoal e aulas, elaboramos unha enquisa, para poder responder a todas as cuestións. O profesorado aportou información sobre o estado das tecnoloxías dixitais da súa aula ou oficina e sobre todo do uso que fai das tecnoloxías dixitais na súa práctica docente. Aínda que non se presenta neste documento, o centro conta con esta información detallada.

2.1.1. Infraestrutura dixital:

Infraestrutura de datos. Case todo o centro conta con fibra óptica, e algunhas aulas internet con wifi. Nas oficinas e na conserxería contamos con conexións cableadas e Fibra óptica.

Infraestrutura de voz. Todas as aulas dispoñen de teléfonos que serven para a comunicación interna.

No centro hai aulas nas que hai moi boa conectividade, mentres que noutras partes hai conexión máis débil.

INFRAESTRUTURA DE DATOS	Nº total
Hai boa conectividade	31
Hai acceso a internet, mais tarda moito en cargar	7
Hai acceso a internet, pero ás veces quedamos sen conexión	6
Non hai acceso a internet	1

INFRAESTRUTURA DE VOZ (teléfono)	Nº total
Hai e funciona ben	38
Hai teléfono, mais ás veces falla	4
Hai teléfono, pero non funciona	3
Non hai teléfono	2

2.1.2. Equipamento:

- Aulas dixitalizadas. Case todas as aulas contan con Proxector, Pizarra Dixital Interactiva, un Ordenador e con altofalantes.
- Proxecto E-Dixgal: o noso centro non participa aínda neste proxecto.
- Equipos Biblioteca: Na biblioteca de primaria hai 2 ordenadores para catalogación e un para o uso do alumnado (infantil e primaria).
- Equipos Sala de Mestres/as: 3 equipos a disposición de todo o claustro, desde os que se pode imprimir.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil. 40 (33 prestados)
- Aula de informática. 26 (convén renovalos todos, están obsoletos).

Dispositivos nas aulas (ordenadores e tabletas):

Ordenadores nas aulas	Nº total de aulas/ oficinas
0 Ningún ordenador	3
1 ordenador	53
2 ordenadores	2
3 ordenadores	2
26 ordenadores	1

Uso dos ordenadores	Nº persoas
Non o usan nunca	1
Usan o seu propio dispositivo	3
Uso para a docencia	19
Uso para a xestión docente e para as clases	7

Xestión docente + clases + uso do alumnado	3
---	----------

	Nº total
tabletas nas aulas	
Ningunha tableta	33
Unha tableta	11
Máis de 10	1 (uso compartido)

Hai aulas onde hai unha tableta soe ser para o alumnado con NEAE. Nalgunha ocasión é para o seu uso de forma lúdica, para actividades de ampliación e para o apoio da docencia. Hai profesorado que emprega as súas tabletas persoais para a xestión docente e para impartir as clases, pero estas non se indican no cuestionario, xa que só se pregunta polas tabletas do centro.

No caso das aulas con máis de 10 tabletas, son do centro (material da biblioteca) e empréganse nas aulas por quendas.

2.1.3. Servizos Dixitais educativos:

Neste caso teremos en conta 47 respostas ao cuestionario, que non son 47 persoas, porque hai persoas que respostaron dúas veces (p.e. Tutoría e biblioteca, ou tutoría e despacho)

- **Servizos Corporativos:**

Servicios dixitais empregados	Nunca	Algunha vez no curso	Varias veces por trimestre	Cada semana	A diario
Correo corporativo	1	-	1	8	33
Páxina web do centro	3	6	14	18	6
Aula Virtual do centro	16	14	3	12	2
Espazo Abalar	15	2	7	13	10
Agueiro	46	1	-	-	-
E-Dixgal	47	-	-	-	-

- **Servizos Non Corporativos (usados para o traballo):**

Que outros servizos non corporativos empregas? (no teu traballo)	Nunca	Algunha vez no curso	Varias veces por trimestre	Cada semana	A diario

Blogs externos	23	4	8	6	6
Outros correos electrónicos	10	5	6	6	20
Instagram	26	6	2	2	11
Youtube	9	4	13	9	12
WatsApp	15	2	2	2	26
Classdojo	41	-	1	-	5
Google Drive	4	8	10	9	16
Outras aplicacións de Google	21	12	7	4	3
Genially	20	7	15	2	3
Canva	25	6	10	4	2
Outras plataformas de creación	21	7	12	4	3

2.1.4. Xestión do mantemento.

Empresa externa contratada polo centro. Na administración do centro, hai unha táboa onde cada docente indica a incidencia ou fallo tecnolóxico, a aula e solicítase á empresa externa que o solucione o antes posible.

2.1.5. Enlaces a protocolos do centro.

Non hai enlaces.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Infantil e Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	2,8
	Alumnado	3,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,6
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,7
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,8

	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,7

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	32	43	74,40%
PROVISIONAL	5	5	100,00%
INTERINO	7	8	87,50%
SUBSTITUTO	4	5	100,00%
DESPRAZADO	2	2	100,00%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
67,90%	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	58,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	68,9	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
Explorador/a (A2)	29	58,00%
Integrador/a (B1)	13	26,00%
Experto/a (B2)	5	10,00%
Líder (C1)	3	6,00%
C2	50	-
TOTAL	-	100,00%

Outras Fontes: Antes de coñecer a ferramenta que nos proporcionaría a Consellería, investigamos diversas maneiras de facer unha análise DAFO e centrámonos na ferramenta que proporciona o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ([ferramenta DAFO](#)), que nos deu a idea de ir

priorizando accións a desenvolver, tendo en conta o noso punto de partida. Así, xa no primeiro momento fomos incluíndo a prioridade (alta-media-baixa) que lle dabamos no noso centro ás diferentes cuestións.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o test CDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

No noso caso, ademais valoramos a nivel interno o grao de importancia que tiña para nós cada un dos items avaliados no informe SELFIE e test CDD, dándolle prioridade alta-media-baixa.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. No noso centro, a infraestrutura dixital respalda o proceso de ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2. Facilitase o acceso a internet. Este curso mellorouse a conexión. 3. Dispoñemos de asistencia técnica cando temos problemas coas tecnoloxías dixitais. Esta asistencia é procurada polo propio centro. 4. A maioría do profesorado e do alumnado consideran que no centro hai dispositivos dixitais para que o alumnado os utilice cando os necesite. 5. O apoio técnico é adecuado. 6. A conexión a internet cambiouse recentemente por fibra óptica. 7. A protección dos datos do alumnado é boa no tocante ás imaxes. 8. O alumnado con NEE ten acceso a tecnoloxías asistenciais. 9. Non contamos con bibliotecas e repositorios en liña creados polo centro, e a nivel de centro. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Nos ximnasios non hai conexión a internet, e os mestres de Educación Física bótano en falta 2. Estaría ben que poideseamos contar con alomenos un ordenador por aula para o alumnado. 3. O profesorado conta con dispositivos dixitais para levar a cabo a súa función docente. 4. Na protección de datos, non sempre citamos as fontes, nos materiais que creamos. 5. No centro non hai suficientes dispositivos dixitais (propiedade do centro) para que o alumnado o utilice cando o necesite. (compártese o ordenador do docente). 6. O centro non conta con suficientes dispositivos dixitais para que o alumnado poida levar a casa, en caso necesario. 7. Os espazos físicos non son moi adecuados, xa que nas aulas hai pouco espazo, co nº de alumnos/as do noso centro.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. D1. O equipo directivo e o docente debatemos sobre as posibilidades de DPC. Ao inicio do curso sempre se debate sobre as posibilidades de DPC, entre o profesorado. 2. E4. No noso centro empréganse as tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro 3. A maioría do profesorado aínda non ten a formación suficiente para dar un feedback axeitado e avaliación ao alumnado con tecnoloxías dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Gran parte do profesorado do noso centro só ten certa seguridade ou non se sente moi seguro á hora de avaliar ou facilitar retroalimentación e feedback ao alumnado 2. O equipo Directivo e parte do profesorado considera que o profesorado ten Competencias Dixitais insuficientes 3. Gran parte do profesorado non dispón de tempo para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais. 4. O profesorado do noso centro non avalía os seus progresos en materia de ensino-

	<p>4 .A maioría do profesorado participa en actividades formativas organizadas pola Administración Educativa.</p> <p>5 .A maioría do noso profesorado síntese seguro á hora de editar ou crear recursos dixitais para preparar as clases.</p> <p>6.O profesorado considera que o alumnado ten competencias dixitais para a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>7. O equipo directivo apoia ao profesorado para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>8. Parte do profesorado dispón de tempo para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>9. No centro danse debates sobre o uso das tecnoloxías, mais non sempre en claustro.</p> <p>10. O profesorado ten acceso a DPC no relativo a ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>11. Foméntase o intercambio de experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>12. No centro ten lugar a titoría entre iguais, aínda que non está reglada.</p> <p>13. O profesorado busca recursos educativos en liña e incluso crean os seus propios recursos dixitais.</p> <p>14.A maioría do profesorado do centro emprega Recursos Educativos Abertos.</p> <p>15. Tanto profesorado como o alumnado perciben que se empregan as tecnoloxías dixitais para adaptar o método ás necesidades individuais do alumnado</p> <p>16. No noso centro utilizamos actividades dixitais que fomentan a creatividade do alumnado</p> <p>17. O profesorado e E. Directivo considera que se implica ao alumnado, mais non se percibe moita actividade nas propostas da Aula Virtual.</p>	<p>aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>5. Por norma xeral no colaboramos con outros centros e organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías.</p> <p>6. No noso centro non hai moitos docentes que empreguen os EVA</p> <p>7. Aínda que no centro se fomenta a creatividade, a carencia de dispositivos dixitais, evita que se empreguen con regularidade nas aulas, por ter que facer quendas.</p> <p>8. A maioría do noso alumnado considera que non se lles implica nas actividades dixitais.</p> <p>9. No noso centro non utilizamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>10. No noso centro o profesorado non fomenta a participación en proxectos multidisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais</p> <p>11.Non é xeral o uso de tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado</p> <p>12.Non se adoita dar un feedback dixital ao alumnado.</p> <p>13. O alumnado non reflexiona sobre a súa aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>14. Non se adoita empregar as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida facer observacións construtivas sobre o traballo dos/as compañeiros/as.</p> <p>15. O noso equipo directivo adoita axudar ao profesorado coas tecnoloxías dixitais na avaliación</p> <p>16. A maioría do profesorado do noso centro non utiliza datos dixitais sobre alumnos/as concretos/as para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe.</p> <p>17. A maioría do profesorado do noso centro non valora moito as habilidades dixitais que o alumnado ten desenvolvido fora do centro.</p>
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<p>1. Existen dispositivos dixitais para que o persoal non docente poida empregar.</p>	<p>1. O persoal non docente non ten un dispositivo asignado especificamente.</p>
<p>ALUMNADO</p>	<p>1. H1. O alumnado do noso centro aprende a actuar de maneira segura en internet.</p> <p>2. O alumnado do noso centro pode facer un seguimento das súas tarefas a través da Aula Virtual do centro</p> <p>3 .O alumnado e as familias do centro reciben avisos e notificacións a través da app abalarMobil, podendo xustificar faltas e pedir titorías.</p> <p>4. A maioría do alumnado non necesita usar software de pago para realizar as tarefas</p> <p>5. Non hai alumnado que non teña a ninguén que pode axudalo cando ten dificultades co software</p> <p>6. En xeral o alumnado non ten problemas de conectividade</p>	<p>1. H1. Parte do profesorado do centro considera que o alumnado non aprende a actuar de maneira segura en internet.</p> <p>2. Algún alumnado de 5º e 6º aínda necesita axuda para o emprego das ferramentas dixitais.</p> <p>3. O noso centro non conta con dispositivos dixitais para que o alumnado poida levar a casa en caso de ser necesario.</p> <p>4. No noso centro o alumnado non pode traer o seu propio dispositivo (mais non se contempla esa opción).</p>
<p>FAMILIAS</p>	<p>1. A maioría das familias atende con</p>	<p>1. O profesorado non detecta que o alumnado</p>

		regularidade ás comunicacións de AbalarMobil	teña moita presenza na Aula Virtual do centro. 2. Nas publicacións das celebracións do centro (videos, fotografías...) non se observa moita visualización por parte das familias.
	OFERTA	1. Os servizos de comedor e transporte son comunicados con regularidade na web do centro	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. O equipo directivo apoia ao profesorado para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Fenda dixital: Temos un plan para axudar ao profesorado a abordar os retos que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>3. O centro só emprega servizos dixitais educativos corporativos</p> <p>4. O Centro promove a participación do profesorado en Actividades formativas organizadas pola Administración Educativa para a Competencia Dixital.</p> <p>5. O equipo directivo coñece a normativa relativa á adquisición de equipamento informático para os centros</p> <p>6. A maior parte do profesorado do centro está disposto á formación empregando o seu tempo libre.</p> <p>7. Parte do profesorado do centro ten unha competencia Dixital de C, e pode asesorar ao resto.</p> <p>8. O Equipo directivo considera que o profesorado avalía os seus progresos en materia de ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>9. No noso centro dispoñemos de asistencia técnica cando temos problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>10. O alumnado con NEE ten acceso a tecnoloxías asistenciais</p>	<p>1. O centro carece de estratexia dixital.</p> <p>2. Os espazos físicos do noso centro non sempre facilitan o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. No noso centro non dispoñemos de repositorios ou bibliotecas en liña con materiais de Ensino-aprendizaxe.</p> <p>4. As modalidades de formación da administración Educativa non se axustan moito ás necesidades de formación do profesorado</p> <p>5. A maior parte do profesorado do noso centro ten unha competencia profesional A2 (explorador)</p> <p>6. O profesorado do noso centro non dispón de tempo para dar retroalimentación ao alumnado, na aprendizaxe mixta. A carga lectiva é alta.</p> <p>7. A maioría do profesorado do noso centro non adoita utilizar tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.</p> <p>8. No noso centro o alumnado non pode traer o seu propio dispositivo. Non o consideramos, por ser alumnado de primaria.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. A maioría do profesorado considera útil as actividades formativas realizadas dentro do centro</p> <p>2. A maioría do profesorado aposta pola formación en liña.</p> <p>3. Os fondos son considerados como un factor limitante para o uso das tecnoloxías</p>	<p>1. O profesorado considera que a formación da Administración Educativa non se axusta moito ás súas necesidades formativas na Competencia Dixital</p> <p>2. A falta de dispositivos nas aulas incide nas posibilidades de capacitación do alumnado (A1-A2 do TEST CDD)</p> <p>3. O Equipo directivo e a maioría do profesorado perciben que a falta de equipo dixital afecta ao ensino-aprendizaxe</p> <p>4. O profesorado non ten tempo suficiente para a docencia e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (carga lectiva para a preparación)</p> <p>5. O apoio técnico é proporcionado polo propio centro. Está sufragado polo propio centro.</p>
	LEXISLACIÓN	1. O equipo directivo coñece a normativa para a adquisición de	1. Os fondos son considerados como un factor limitante para o uso das tecnoloxías.

	equipamentos. 2. O centro emprega os medios corporativos para as súas comunicacións coas familias	2. Non sempre se empregan os medios corporativos para a creación de materiais didácticos, sobre todo se son interactivos.
CONTORNA	1. A maioría do alumnado de 5º e 6º ten acceso a un dispositivo dixital adecuado para facer as tarefas.	1. O alumnado ten un acceso limitado a tecnoloxías dixitais no seu fogar 2. Parte do alumnado do noso centro non pode acceder a unha conexión adecuada na casa 3. Aínda que o alumnado non ten problemas de conectividade, non rexistramos moita actividade na Aula Virtual e Web do centro.
ANPA	-	1. Actualmente non existe ANPA no noso centro.
OUTRAS ENTIDADES	-	-

3. Plan de Acción

Despois da análise DAF0, seleccionamos os items con prioridade alta transformándoos en obxectivos a desenvolver no noso centro, e coa axuda dun cuestionario, entre todos démoslles unha puntuación de 1 a 5.

Desta maneira, puidemos definir os obxectivos do Plan de Acción, de forma que fose adaptado á nosa realidade. Por exemplo, aínda que o noso centro puntuou moi baixo nos apartados de avaliación, non se considerou un item prioritario, por ter que centrar os nosos esforzos noutras áreas que consideramos que debemos afrontar previamente.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir do informe SELFIE, determinamos cada un dos items en afirmacións que consideramos como Debilidades-Fortalezas ou Ameazas-Oportunidades. E en grupo decidimos entre todo o equipo TIC o grao de importancia que lle daríamos ao item no noso centro, tendo en conta a nosa realidade. Entre os items con prioridade alta, seleccionamos os 5 aos que lle damos máis importancia, e que consideramos máis fáciles de avaliar e de realizar mediante as nosas accións, xa que aínda que consideramos prioritario renovar o equipamento dixital, e mellorar a calidade das formacións ás que asistimos, non podemos plantexalo como obxectivo. Non podemos facer moito para que se cumpran.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Como xa vimos comentando, elaborouse un inventario de tódalas aulas e oficinas do centro, así como se recolleu o uso que se fai das ferramentas dixitais no centro. Elaborouse un cuestionario dixital, que se pasou a todo o claustro e persoal non docente, para que indicasen as súas necesidades en canto a equipamento e infraestruturas. Ao contar con pouco tempo, o profesorado tivo unha semana para responder ao mesmo, mais houbo moita colaboración do claustro.

Aínda que non respondeu a totalidade do claustro, o inventario foi feito en tódalas aulas e despachos do centro. Nalgúns casos tivemos a axuda

dos docentes e noutros o Equipo Dinamizador do Plan Dixital percorreu aulas e despachos para comprobar equipamento, conectividade...

Profesorado participante

	Nº total	Nº de participantes
Equipo Directivo	3	1 resposta
Administrativa	1	1 resposta
Educación Infantil	9	9 respostas
Educación Primaria	26	19 respostas
Mestres Especialistas	10	10 respostas
Departamento de Orientación	8	7 respostas

No test realizado para inventariar o material TIC do centro, preguntouse aos mestres e mestras usuarios das tecnoloxías dixitais, cales eran as súas necesidades, así como as necesidades de mellora nas infraestruturas e equipamentos.

DISPOSITIVO	En bo estado	Funciona case sempre	Funciona mal	Non funciona	Non hai
Ordenador	32	18	8	1	3
Teléfono aula	50	4	-	4	1
Proxector (aulas)	29	6	7	-	4
PDI (aulas)	10	14	9	-	6
	Boa	Tarda moito	Ás veces non hai	Non hai	
Conectividade	46	7	8	1	

O centro recolleu en frases curtas, no mesmo cuestionario outras incidencias salientables que consideraran en canto ao tema que nos ocupa, nas súas aulas e despachos. Por mor de non ocupar demasiado espazo non presentaremos neste Plan esta relación de detalles, mais o centro conta con esta información, determinando a aula ou oficina na que sucede a incidencia.

Necesidades do CEIP FOGAR:

Dacordo cos datos antes presentados:

- Conectividade: cablear con fibra óptica o espazo que falta do centro. 5 teléfonos novos: para repoñer e dotar aulas que están incomunicadas.

- Dispositivos:
 - 50 ordenadores novos, para repoñer o ordenador do docente, e poder ter dous dispositivos por aula para a alfabetización dixital do alumnado. (aulas de primaria, especialidades e infantil, ximnasios)
 - 26 ordenadores novos para a aula de Informática
 - 50 tabletas para Educación Infantil, que poidan compartir nos tres niveis (son 9 aulas de 25 alumnos/as), nas que o alumnado poida aprender de forma interactiva.
 - 4 Proxectores novos: (temos en conta aulas, non despachos) Reparar 13.
 - 6 Encerados Dixitais Interactivos novos. Arranxar 23

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: PLAN DIXITAL						
OBXECTIVO 1:	Definir, asentar e establecer unha Estratexia Dixital para o CEIP Fogar				Acadado	
Responsable:	Director do centro e Coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Defínense as liñas de Actuación para elaborar a Estratexia Dixital. Ponse en marcha o Plan Dixital					
Valor de partida:	Partimos do Proxecto TIC do curso 2021-2022					
Valor previsto e data:	Estratexia Dixital 1.0			15/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTAD2	
A01.1:Constituír e nomear o Equipo Dinamizador do Plan Dixital.	Equipo directivo, claustro	30/09/22	Listaxe de anotamento do equipo ao que se pertence.	O Equipo Dinamizador do Plan Dixital está composto por alomenos 10 membros.(lista cotexo)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Establecer un calendario de reunións ordinarias ao longo do curso.	Coordinador/a do Plan Dixital. Xefa de estudos.	30/10/22	Aula de reunión.	Hai un calendario de reunións que se comunica ao claustro no inicio do curso. (lista cotexo)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Comezo da estratexia do Plan Dixital do curso 2022-2023	Coordinador/a do Plan Dixital	30/11/22	Dispositivos do centro.	Vaise levando a cabo a estratexia do Plan Dixital. (lista cotexo)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Seguimento e control da Estratexia Dixital do centro.	Coordinador/a do Plan Dixital.	15/06/23	Dispositivos do centro. Instrumentos de avaliación: listas de cotexo. Escalas de valoración.	Vanse avaliando os distintos pasos do Plan Dixital. (lista cotexo)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 2:	Mellorar a autonomía do profesorado no uso das tecnoloxías dixitais para a práctica docente.				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo e Coordinador/a do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de docentes que non necesitan axuda individualizada.					
Valor de partida:	0 39% do equipo docente é autónomo no uso das tecnoloxías dixitais para a práctica docente.					
Valor previsto e data:	0 50% do equipo docente é autónomo no uso das tecnoloxías dixitais para a práctica docente.			15/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Manter o debate ao inicio do curso, acerca das posibilidades de formación.	Claustro, Equipo Directivo, Coordinador/a do Plan	30/11/22	Foro da Aula Virtual	Participación do 50% do profesorado participa no debate sobre as necesidades de Formación Continua (escala	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Transmitir á Administración Educativa as necesidades reais de formación do claustro.	Equipo directivo	20/12/22	Sen recursos	A información é transmitida ao departamento responsable da formación da Administración. (lista	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Incluír a formación tecnolóxica na oferta formativa do centro, de forma que se adecúe ao nivel medio de CDD.	Coordinador/a e membros do Equipo do Plan Dixital	30/11/22	Sen recursos	0 centro ofrece unha liña de formación en Competencia Dixital, adecuada ás necesidades do 40% dos docentes.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Establecer unha rutina de "profes axudando a profes"	Mestres/as voluntarios con alta CD. Coordinador/a de Plan	15/06/23	Dispositivos do centro.	0 10% do profesorado anímase a compartir coñecementos. 0 20% do claustro asiste ás reunións presenciais	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO							
OBXECTIVO 2:	Mellorar a autonomía do profesorado no uso das tecnoloxías dixitais para a práctica docente.					Acadado	
A02.5: Crear un curso na Aula Virtual do centro, onde se facilite o acceso a todo o profesorado.	Coordinador/a TIC. Responsable da Aula Virtual	20/12/22	Dispositivos do centro.	Créase un curso onde todo o profesorado pode participar, preguntando e aclarando dúbidas. (lista cotexo)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.6: Acordar un calendario de Reunións na rutina "profes axudando a profes"	Equipo dinamizador do Plan Dixital	30/05/23	Dispositivos do centro, Aula Virtual, Portafolio Agueiro.	O Equipo acorda as reunións e comunicaas ao claustro. (lista cotexo)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: LIDERADO							
OBXECTIVO 3:	Establecer un tempo para que o profesorado do centro poida dedicar ao ensino con tecnoloxías.					Acadado	
Responsable:	Xefa de estudos e coordinador/a do Plan Dixital.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de horas á semana dedicadas ao uso das tecnoloxías dixitais						
Valor de partida:	0 profesorado conta con 0 horas para dedicarlle ás TIC.						
Valor previsto e data:	0 profesorado (que o solicite) contará con 1 hora semanal para dedicarlle ás TIC				15/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A03.1: Informar ao claustro de que se pode solicitar unha hora sen docencia para	Equipo Directivo	30/09/22	Horarios do profesorado. Disponibilidade	0 95% do profesorado coñece a posibilidade de solicitude desta hora	Realizada		
					Aprazada		

Área/s de mellora: LIDERADO							
OBXECTIVO 3:	Establecer un tempo para que o profesorado do centro poida dedicar ao ensino con tecnoloxías.					Acadado	
dedicar a desenvolver				horaria.	para o ensino con	Pendente	
A03.2: Establecer un tempo para que o profesorado (que o solicite) poida dedicar ao ensino con tecnoloxías dixitais.	Xefa de estudos	30/09/22 28/02/23 15/06/23		Disponibilidade horaria.	0 90% do profesorado dedica o seu tempo ao ensino con tecnoloxías dixitais, presentando evidencias (actividades,	Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A03.3: Manter o apoio do Equipo Directivo ao profesorado para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais.	Equipo directivo.	15/06/23		Dispositivos.	0 Equipo directivo fai as accións posibles para que o profesorado mellore a súa Competencia Dixital.	Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A03.4: Expoñer os materiais e ferramentas creadas na hora de dedicación TIC ao claustro.	Equipo directivo, Coordinador/a do Plan Dixital	30/11/22 28/02/23 30/05/23		Aula Virtual do centro. Portafolio Agueiro. Aula re reunións.	0 95% do profesorado que dispón da hora para TIC, presenta materiais e ferramentas válidas para o seu equipo de nivel. (lista cotexo)	Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA CON TECNOLOXÍAS							
OBXECTIVO 4:	Crear e dispoñer de repositorios e bibliotecas virtuais para que o profesorado poida aplicar novos recursos ao seu quefacer diario.					Acadado	
Responsable:	Equipo dinamizador do Plan Dixital e todo o profesorado que o solicite.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de docentes que aportan recursos ao repositorio virtual do centro. Existencia dun repositorio virtual						
Valor de partida:	0% do claustro aporta recursos ao repositorio virtual. Non temos repositorios nin bibliotecas virtuais no centro						

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA CON TECNOLOXÍAS							
OBXECTIVO 4:	Crear e dispoñer de repositorios e bibliotecas virtuais para que o profesorado poida aplicar novos recursos ao seu quefacer diario.					Acadado	
Valor previsto e data:	0 25% do claustro (80% con disposición horaria) aporta elementos ao repositorio. Contamos con polo menos un material dixital para cada nivel. Os mestres especialistas elaboran un recurso dixital adecuado para			15/06/23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A04.1: Establecer un lugar virtual onde se subirán os recursos e ferramentas	Coordinador/a do Plan Dixital. Responsable da Aula Virtual	30/10/22	Aula Virtual, portafolio Agueiro, Web do centro	Créase un curso na Aula Virtual, onde tódolos docentes están matriculados co rol de profesor. (lista cotexo)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.2: Coñecer ao profesorado con disposición horaria, para realizar unha guía se fose preciso e un reparto de tarefas.	Coordinador/a Plan Dixital	30/09/22 30/03/23 15/06/23	Aula Virtual. Aula de reunións, Sala de mestres.	Elabórase un espazo onde cada docente elixe a materia e curso para o que vai realizar o seu traballo. (lista cotexo)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.3: Crear recursos e apoios pedagóxicos que poidan ser empregados polos distintos docentes, na nosa realidade.	Claustro. Coordinador/a Plan Dixital	30/12/22 30/04/23 15/06/23	Dispositivos do centro. Aula Virtual, Portfolio Agueiro, conta Genially.	15% do claustro (95% con disposición horaria), crean un recurso por trimestre. Un recurso por nivel	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.5: Presentar os recursos e materiais ao claustro, explicando os seus usos.	Claustro. Coordinador/a Plan Dixital	30/12/22 30/04/23 15/06/23	Aula Virtual. Aula de reunións, Sala de mestres.	0 profesorado é informado acerca das ferramentas e apoios que están no repositorio. (presencial ou mediante un enlace) (lista	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS							
OBXECTIVO 5:	Mellorar (ou repoñer)os equipos e dispositivos para a práctica docente, e contar con dispositivos suficientes para o alumnado.					Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo. Coordinador/a do Equipo Dinamizador do Plan Dixital.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de aulas de primaria que contan con un dispositivo para o uso do alumnado.						
Valor de partida:	0 0% das aulas dispón de dispositivos para que o alumnado use cando considere.						
Valor previsto e data:	0 50% das aulas contan con un dispositivo para que o alumnado poida usar cando considere.					15/06/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A05.1: Realizar un inventario de dispositivos informáticos	Equipo dinamizador do Plan Dixital.	30/12/22	Cuestionario dixital a cubrir polos docentes	Recóllese no inventario o nº e calidade de dispositivos do centro. (lista cotexo)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.2: Informar ao claustro acerca dos plans que dotarían ao centro de dispositivos dixitais.	Equipo Dinamizador do Plan dixital	30/01/23 30/04/23	Aula de reunións ou de forma virtual.	O 100% do claustro é informado acerca das posibilidades de recibir equipamento novo para as aulas. (lista de cotexo)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.3: Tratar de incluír ao noso centro en EDIXGAL, para dotar ao centro de dispositivos	Equipo Dinamizador do Plan dixital	30/04/23	Aula de reunións	A maioría do claustro (51%) está de acordo en incluír ao centro nun programa que o dote de dispositivos (EDIXGAL) (lista cotexo)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

Nos obxectivos do Plan de Acción, indícase o instrumento de avaliación que se vai empregar para determinar se cada acción foi desenvolvida como se presenta no indicador.

Para levar a cabo algunhas destas valoracións, consideramos a opción de xerar un cuestionario na Aula Virtual do centro ou ben na ferramenta Google forms, que permite rexistrar as porcentaxes das respostas.

Avaliación Procesual:

Tendo en conta as datas propostas para cada acción, elaboramos un calendario de accións, onde se indica a acción e o instrumento de avaliación que imos empregar. Centralizando as escalas de valoración e rúbricas en 1 por trimestre. E cumprimentando a lista de cotexo a medida que se van acadando pequenos logros.

Avaliación Final:

Realizarase ao final do curso, preferiblemente antes de xuño, tratando de ter rematado antes da 3ª avaliación, e antes de rematar cos plans de formación, xa que se temos que pedir accións específicas aos nosos compañeiros, non queremos que se agolpen tódalas demandas ao mesmo tempo. Polo tanto, de ter que cumprimentar algún cuestionario, dispoñemos do tempo adecuado para realizalo reflexivamente.

4.1. Instrumentos de Avaliación

Os instrumentos de avaliación son:

Lista de cotexo: *se se realiza a acción ou non.*

Escala de valoración: *graduando de 1 a 3 a realización da acción.*

Rúbrica: *determinando 4 descritores.*

Presentámolos separados por trimestres, indicando nas táboas As accións do obxectivo, e a valoración da acción. Tamén se indica a

data prevista de finalización. Algunhas das accións avaliaranse en diferentes momentos.

Esta separación por trimestre e organización temporal permitiranos ir avaliando cada acción de forma máis sinxela ao longo do tempo.

Primeiro trimestre.

Lista de Cotexo:

Acción	data	Valoración da acción	si	non
A01.1	set-30	O Equipo Dinamizador do Plan Dixital está composto por polo menos 10 membros.		
A03.1	set-30	O centro ofrece unha liña de formación en Competencia Dixital, adecuada ás necesidades do 40% dos docentes.		
A03.2	set-30	O 90% do profesorado dedica o seu tempo ao ensino con tecnoloxías dixitais, presentando evidencias (actividades, recursos, avaliacións...)		
A04.2	set-30	Elabórase un espazo onde cada docente elixe a materia e curso para o que vai realizar o seu traballo.		
A01.2	out-30	Hai un calendario de reunións que se comunica ao claustro no inicio do curso.		
A04.1	out-30	Créase un curso na Aula Virtual, onde tódolos docentes están matriculados co rol de profesor.		
A01.3	Nov-30	Vaise levando a cabo a estratexia do Plan Dixital.		
A02.3	Nov-30	O centro ofrece unha liña de formación en Competencia Dixital, adecuada ás necesidades do 40% dos docentes.		
A03.4	Nov-30	O 95% do profesorado que dispón da hora para TIC, presenta materiais e ferramentas válidas para o seu equipo de nivel.		
A02.2	Dec-20	A información é transmitida ao departamento responsable da formación da Administración.		
A02.5	Dec-20	Créase un curso onde todo o profesorado pode participar, preguntando e aclarando dúbidas.		
A04.3	Dec-30	15% do claustro (95% con disposición horaria), crean un recurso por trimestre. Un recurso por nivel		
A04.5	Dec-30	O profesorado é informado acerca das ferramentas e apoios que están no repositorio. (presencial ou mediante un enlace)		
A05.1	Dec-30	Recóllese no inventario o nº e calidade de dispositivos do centro. (Cuestionario dixital)		

Rúbrica 1º Trimestre

Acción	Inadecuado	En proceso	Adecuado	Excelente
A04.3: Crear recursos e apoios	0 profesorado non se interesa por	0 50% do profesorado con	0 15% do claustro (95% con	0 profesorado que participa nesta

pedagóxicos que poidan ser empregados polos distintos docentes, na nosa realidade. Dec-30	reclamar a disposición horaria, se ten que crear recursos e ferramentas dixitais.	disposición horaria, crea recursos para o repositorio. Non se crea un recurso por nivel e trimestre.	disposición horaria), crean un recurso por trimestre. Un recurso por nivel.	iniciativa aporta máis dun recurso por trimestre á comunidade docente.
--	---	--	---	--

Escala de valoración 1º trimestre

Obx.	data	Valoración da acción	1	2	3
A02.1	nov-11	Participación do 50% do profesorado participa no debate sobre as necesidades de Formación Continua			

2º trimestre

Lista de cotexo 2º trimestre

Acción	data	Valoración da acción	si	non
A05.2	xan-30	Envíase unha solicitude polos medios ordinarios.		
A03.2	feb-28	O 90% do profesorado -con liberación horaria- dedica o seu tempo ao ensino con tecnoloxías dixitais, presentando evidencias (actividades, recursos, avaliacións...)		
A03.4	feb-28	O 95% do profesorado que dispón da hora para TIC, presenta materiais e ferramentas válidas para o seu equipo de nivel.		
A04.2	Abr-30	Elabórase un espazo onde cada docente elixe a materia e curso para o que vai realizar o seu traballo.		
A04.3	Abr-30	15% do claustro (95% con disposición horaria), crean un recurso por trimestre. Un recurso por nivel		
A04.5	Abr-30	O profesorado é informado acerca das ferramentas e apoios que están no repositorio. (presencial ou mediante un enlace)		
A05.2	Abr-30	Envíase unha solicitude polos medios ordinarios.		
A05.3	Abr-30	A maioría do claustro (51%) está de acordo en incluír ao centro nun programa que o dote de dispositivos (E-DIXGAL)		

Terceiro trimestre

Lista de cotexo 3º trimestre

Obx.	data	Valoración da acción	SI	NON
A02.6	Mai-30	O Equipo acorda as reunións e comunícaas ao claustro.		

A03.4	Mai-30	O 95% do profesorado que dispón da hora para TIC, presenta materiais e ferramentas válidas para o seu equipo de nivel.		
A01.4	Xuñ-15	Vanse avaliando os distintos pasos do Plan Dixital.		
A03.2	xuñ-15	O 90% do profesorado dedica o seu tempo ao ensino con tecnoloxías dixitais, presentando evidencias (actividades, recursos, avaliacións...)		
A04.3	Xuñ-15	15% do claustro (95% con disposición horaria), crean un recurso por trimestre. Un recurso por nivel		
A04.5	Xuñ-15	O profesorado é informado acerca das ferramentas e apoios que están no repositorio. (presencial ou mediante un enlace)		

Rubrica

Acción	Inadecuado	En proceso	Adecuado	Excelente
A02.4 Establecer unha rutina de "profes axudando a profes" Xuño-15	Menos do 5% do profesorado anímase a compartir coñecementos. 0 5% do claustro asiste ás reunións presenciais	0 5% do profesorado anímase a compartir coñecementos. 0 10% do claustro asiste ás reunións presenciais.	0 10% do claustro anímase a compartir coñecementos. 0 20% do claustro asiste ás reunións presenciais.	0 15% do claustro anímase a compartir coñecementos. 0 50% do claustro asiste ás reunións presenciais.

4.2. Propostas de mellora

Feita esta avaliación, observaremos nos diferentes instrumentos de avaliación o grao de consecución dos obxectivos, en función das accións realizadas e cales non se realizaron analizando o seguinte:

1º Trimestre	Nº accións acadadas	Nº A non acadadas	Responsable	Posibles causas

0% - 30% das accións: revisar completamente os obxectivos en equipo.
31% - 50% das accións: revisión dos obxectivos dende a coordinación e comunicación ao equipo para debater por que non se acadaron o 50% das accións.

51% - 70% das accións: imos ben, mantemos os obxectivos, mais debateremos os motivos das accións non acadadas.

71% - 100% das accións: imos polo bo camiño. Plantexaremos a posibilidade de abarcar outros obxectivos máis ambiciosos.

En canto á Administración propoñemos que se determine ao inicio do curso o camiño a seguir, con tódolos pasos determinados (polo menos ao inicio de cada trimestre) e os prazos, tendo en conta que ao ser docentes, non podemos desatender ao alumnado, nin comunicar e explicar os pasos en curtos períodos de tempo ao claustro. Debemos realizar materiais específicos, plantexalos aos docentes, que deben poder ter tempo de resposta.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital, publicarase nun espazo da web do centro, así como as accións que se vaian realizando ao longo do curso.

Trataremos de que sexa un espazo aberto ás posibles suxestións de mellora que poidan aportar as persoas da comunidade educativa.

Ademais, ao igual que se fixo neste curso, enviaranse correos electrónicos e faranse as presentacións oportunas para facilitar a comprensión da información, e para informar aos membros do claustro, dos pasos que se estean a dar en cada momento, xa que ao tratarse dun centro tan grande, e con tantos plans e proxectos en marcha, o profesorado agradecerá que se achegue a información de forma accesible e útil, sen ter que somerxerse en toda a información que se facilita para cada proxecto ao mesmo tempo que se desenvolve o curso escolar.